¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(morte!

R. CABANILLAS

# a nosa terra

Ano XXX ★ BóS AIRES, ABRIL - MAIO 1946 ★ Núm. 447

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO
1 - Galicia, unidade cultural.
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, comunidade cooperativa.
4 - Galicia, célula de universalidades.

## O 14 de Abril

15 anos trascurriron dendes que se proclamou a República en Hespaña. Sin derramar unha pingueira de sangue, levouse a cabo a transformación meirande que se pode imaxinar: un réximen monárquico de séculos, sustituído en poucas horas por unha República.

O rei foi xentilmente acompañado hastra Valencia, onde embarcou nunha nave de guerra, que o conduxo a Franza; a familia real tivo todal-as facilidades e garantías para dirixirse ao nomeado país; os aristócratas e políticos que quixeron abandonar a patria, non foron molestados nin de verba; todo se realizou cunha tranquilidade e unha "bonhomie" encantadora, que parecía máis ben unha farsa de teatro que unha realidade terribel, como é, ou debera ser, unha revolución.

As xentes toleaban de alegría; nas rúas os descoñecidos abrazábanse e bicábanse como antergos amigos; Hespaña foi naquel intre histórico un país de cabaleiros, modelo de virtudes, que causou a ademiración do mundo enteiro.

Así naceu aquela cándida e confiada República, que axiña comenzou a ser boicoteada e saboteada por todol-os que soio gratitude deberan sentir ante a nobre e xenerosa aititude dun povo, que non eisixeu contas aos que o habían escarñecido e pisoteado. ¡Tan mal pagado pol-a súa benevolencia!

Non vamos a referir todal-as artimañas e todal-as baixezas de que se valeron os seus eternos nemigos para reconquerir as posicións perdidas; esquenceremos os aldraxes, as calumnias, as provocacións, o bienio negro, a represión de Asturias, as persecucións, as torturas e os encarcelamentos.

O que non esquenceremos endexamáis son os milleiros de mortos que ficaron como tráxico saldo da traición do 1936. Tempo ha de chegar que poidamos facer xusticia. Y entón lembrarémonos daquel 14 de abril, tan risoño e tan cheo de promesas, para non caer no mesmo erro.

Non; a terceira República non pode ser tan inocente como a pasada. E mester que resolva a fondo os problemas que a impediron perdurar. E o problema principal é o da súa estructuración. Sin a autonomía de Galiza non terá unha base firme e estará outra vez eisposta aos ataques da reaición, que é como a hidra de Lerna, que por cada cabeza que lle cortaban, medráballe unha nova, hastra que Hércules rebanoulle as sete dun soio tallo.

¡Qué o 14 de abril sexa para todol-os republicanos un recordo y unha enseñanza!

## GALEUZCA CHEGA AO COSELLO DA "UN"

No alegato presentado pol-o siñor Xiral ao Consello da UN, faise constar a incapacidade da monarquía e do franquismo para resolver o problema que plantexan as lexítimas aspiracións autonómicas de Cataluña, Galiza i-Euzkadi. E un aspecto da realidade peninsuar, que se mantivera acochado, e que fai a sua entrada no campo das preocupacións de posguerra; non coma un novo factor de perturbación, senon coma unha lus que axuda ver o camiño seguro para chegar a solucións axeitadas.

Entre os direitos que conculca a ditadura franquista, está a negación da persoalidade dos povos, co que manten un estado de malestar e de latente perturbarción, tal como o viña facendo a monarquía.

O goberno republicano reconoce a realidade e a lexitimidade das arelas dos povos diferenciados; e, non soio se aven a darlles satisfaición, senón que estima falto de competencia para gobernar ao réxime que se negue a facelo.

Como se ve, o que para os centralistas viña sendo un delito escontra da integridade da Patria, visto a luz da realidade e da xustiza trocase en argumento defensivo, non soio da sua integridade física, senon tamén da sua integridade moral. Pois o direito autonómico é un máis dos direitos que hoxe pisotea o Caudillo, é un agravio máis que il fai a diñidade dos homes e dos povos. E o descoñecimento dil sirve para dar fé da falla de principios e de senso de responsabilidade do réxime que impera en Hespaña.

## SANCHEZ GUERRA, MINISTRO

Representando aos republicanos moderados, acaba de ser nomeado ministro do goberno que preside o Sr. Xiral, D. Rafael Sánchez Guerra, que había sido segredario da Presidencia da República na época de D. Niceto Alcalá Zamora.

O Sr. Sánchez Guerra chegou a París despóis de haber padecido persecucións y encarcelamento durante tres anos, eispoñéndose a ser arrestado e fusilado sumariamente, pois tivo que evadirse da prisión e cruzar logo a fronteira, tan vixiada pol-as tropas falanxistas.

Con este nombramento, o goberno republicano do eisilio vai aumentando a súa base de apoio, a fin de ofrecer as máisimas garantías de imparcialidade, con vistas a conseguir o recoñecemento das grandes potencias.

## SIGUE O TERROR NA HESPAÑA DE FRANCO

**Unha persecución, cada vez máis crua, reina na Arcadia feliz do Caudillo. Todol-os días chegan noticias de novas condenas, de novos encarcelamentos, de novos atropellos. A xente xa vai vendo o martirio dos povos de Hespaña coma un feito fatal. Os crimes do franquismo son tan repetidos, tan frecuentes, casi diríamos: tan normaes, que chega a producir estrañeza o día que os xornaes deixan de anunciar algún.**

**Certamente estamos diante da creba moral do franquismo. A maldade aumenta en Hespaña. Nunca fixo falla unha represión tan dura e tan longa. Hai que por en dúbida a eficacia do sistema feixista para erguer os espritos e purificar as concencias. Máis que un remedio parés un contaxio. Os resultados están a vista: os castigos aumentan, logo, ou hai máis culpables e fracasa o sistema, ou hai máis inxusticias, e o sistema é ruín.**

**Formulemos unha vez máis a nosa protesta, fagamos sentir a nosa dor e o noso repudio: algún día temos de ser escoitados, e, mentras ise día non chega, os que sofren saben que non fican abandoados, que os seus chamores de xustiza teñen agarimoso eco nos nosos curazóns, e que as sua magoas serán vingadas, e os seus ideás veranse alumeados pol-o trunfo.**

## A DISIUNTIVA

**Non valen os apacigoamentos. Xiral acaba de por o dedo na chaga: ou se cumplen os principios i-as promesas, ou a chispa da guerra chouta de novo.**

**Basta de encollimentos, dobrezas e farsas. Os povos de Hespaña están cansados de esperar xustiza, e se ela non chega pol-os canles debidos, eles non se resiñarán a seren escravos, ainda que Europa i-o mundo teñan que arder de novo para purificarse dos seus erros.**

## O Trapo Feixista

Cando un réxime, pol-os seus crimes, pol-os seus agravios á diñidade persoal, pol-o seu conculcamento dos direitos dos povos, pol-o seu cínico trabucamento da lingoaxe, merece o repudio universal e se ve moralmente condenado i-empurrado fora da comunidade dos estados; ise réxime non é nin pode ser representativo de ningún povo. Il eisiste de feito, máis fora das normas sociaes e moraes que rixen as relacións humáns. **Soio á forza pode ser acatado.** As xentes que fican fora da súa inmediata dependencia, non teñen con él ningunha obriga; pois a súa autoridade non ten máis fundamento nin máis trascendencia que a da forza material con que se impón. Acatalo ou facer uso dos seus emblemas, representativos da súa inmoralidade, alí onde a súa imposición non pode chegar, é, cando menos, grande torpeza. E decimos **cando menos grande torpeza,** pois pode chegar a sere outras cousas ainda moito piores, que, no caso ao que imos a referirnos, non queremos traelas a conta.

E o caso que sigue póndose no Centro Gallego o trapo feixista, magoando así o sentimento da grande masa dos asociados, e amostrando ao público un falso acatamento da nosa coleitividade a un réxime que os galegos repudiamos i-odiamos con todol-os folgos da nosa ialma e con todal-as iras do noso peito.

Non hai direito a insultar d-ise xeito os sentimentos da nosa coleitividade. Sábese moi ben que o réxime franquista é refugado con xenreira e con noxo pol-o noventa por cento dos asociados do Centro. E coidamos que é unha obriga de todos o procurar respetar e non falsexar un estado de opinión e de ánimo, tan real, tan evidente e tan honroso, do que cada galego se gaba a cotío. Nós os galegos somos o que somos, e sentimos o que sentimos; e ninguén ten direito a facernos aparecer coma sendo e sentindo o que non queremos ser nin sentir.

Nós, os galegos, pensamos e sentimos a tón cos outos ideas que dixeron defender as potencias democráticas na derradeira guerra; pensamos e sentimos a tón cos principios que defende o noso Goberno Republicano no desterro; e doinos, e magóanos, e avergóñanos, que unha entidade galega poña a enseña que representa aspiracións contrarias e sentimentos contrarios aos que prefire a nosa coleitividade, e que presideu os asesinatos en masa con que pretendeu afogarse o rexurdimento nacional galego.

Por elo, A NOSA TERRA, cumpre o deber de facer vistas consideracións que xustifican o seu repudio diante dun feito que non pode menos de ferir os máis respetabeis sentimentos da nosa coleitividade.

## Franco e o Consello de Seguridade

Polonia presentou ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas unha acusación contra Franco de poñer en perigro a paz mundial, solicitando, ao mesmo tempo, a ruptura de relacións con ese réxime feixista, para que o povo hespañol poida restablecer a democracia.

A solicitude do delegado australiano, creouse un subcomité, integrado por representantes de Franza, China, México, Australia e o Brasil para que investiguen a veracidade das acusacións polacas e informen ao Consello do resultado de ditas investigacións.

Tanto as nacións como as coleitividades, ou as simples persoas poderán presentar as probas que teñan en col do asunto.

Moi bonito todo esto...

Unha vez había un goberno legalmente constituído e recoñecido por todal-as nacións. Era un goberno democrático, que tiña un Parlamento elexido pol-o povo nunhas eleicións inoxetabeis. De súpeto, un fato de traidores, axudado pol-a canalla feixista internacional, sublevouse contra ese goberno exemplar; e coa complicidade dun malfadado comité de non intervención, despóis dunha loita sanguiñenta e manchada de crimes, logrou impoñer a súa vountade nefasta a unha nación que non había cometido máis delito que querer vivir en paz con todos.

Ese mesmo fato de traidores púxose ás órdenes de seus amos durante a derradeira guerra mundial, favorecendoos todo o que poido. E si non tomou parte aitiva na contenda foi porque así conviña aos que mandaban.

Máis cando o trunfo das democracias escomenzou a perfilarse no hourizonte, os cínicos fóronse apartando pouco a pouco dos que os habían axudado a aferrollar un povo diño e agora adulan a Norteamérica e Inglaterra para que os deixen seguir usurpando un poder mal adquirido.

Chámanse demócratas e din con gran frescura que en Hespaña hai a libertade que se pode atopar en calquer país onde a haxa e a abundancia meirande do mundo.

Lástima que non fora verdade tanta beleza; pero o contrario están dicindo as cárceles cheas de persoas decentes, as contínuas sentencias de morte e de penas de presidio perpetuo ou pouco menos; as constantes persecucións a todos os que non obedecen cegamente ao caudillo... E non falemos da situación económica, porque ese é un asunto que calquera que teña familiares en Hespaña coñece perfectamente.

Pois ben, para certos delegados das Nacións Unidas, todo eso e moito máis, que de puro sabido xa está olvidado, ainda non se atopa esclarecido e hai que investigar ás denuncias do delegado polaco.

Si non se tratara dunha cousa tan grave, daría gana de reír todo ese texemanexe internacional. Parece un xogo de rapaces tratando de engañarse ou de engañar aos bobos, cando os únecos engañados son os mesmos autores da tramoia.

Algún día vanse a despertar coa brutal realidade i estonces botaránse as máns á cabeza; pero xa será tarde para eles. Usando unha xa moi coñecida frase dun dos seus máis funestos precursores, diremos que "haberán perdido o ómnibus".

RA 29/8



# O Cen'ro Lucense Celebrou unha Siñificativa Festa no "Campo Galicia"

## CASTELAO ACLAMADO

### GRANDE FERVOR GALEGUISTA E REPUBLICANO

O domingo, día 5 de maio, co gallo de ter cuberto o empréstito de $ 150.000 para rematar de pagar o "Campo Galicia", celebrou o Centro Lucense unha grande festa; a que adequireu os contornos de outa manifestación patriótica e de vontade coleitiva en procura da unión da nosa colonia e do conquerimento de vastos plans culturaes y económicos, así coma unha ben entusiasta afirmación de principios autonómicos e democráticos, e de fé republicana.

Todo foi, niste aito de grande categoría, levado a remate nun marco de sobriedade i-acerto que deixou en todolos concurrentes a impresión máis agradabel i-un entusiasmo sereo e acogulado de íntima contenteza. Enorme concurrencia, orden perfeuto, comida boa e ben servida, música, eiscrusivamente galega, moi ben escollida e moi ben executada; non eiscesivos discursos, todos iles sobrios e ateigados de ideas acertadas e grandes iniciativas. Tempo agradabel, ledeza nos espritos, comunión patriótica que facía bater a unha todol-os corazóns; e unha figura central que pularizaba todol-as olladas e personificaba a Terra querida e lonxana: Castelao; o Presidente do Consello de Galiza, o noso persoeiro máisimo, que iba a representar a Patria Galega no Goberno republicano en desterro.

Todol-os que falaron, fixérono con acerto. Fernández e Alvarez referíronse a laboura do Centro Lucense, ao seu grande éisito na compra e financiamento do "Campo Galicia". O presidente, Vázquez Iglesias, enfrentou, dun xeito resolto os grandes problemas da nosa coleitividade; asinalounos: unión de toda a coleitividade, cultura, deporte, banco galego, compañía de seguros, etc., etc. E non se conformou con amostrar a tarefa que nos compre realizar i-o camiño de levala a remate, senon que fíxolle formal entrega da iniciativa ao Presidente do Centro Galego, alí presente, para que, coma persoeiro da nosa entidade máisima, íl a botara a camiñar. O siñor Otero recolleu as alusións do siñor Vázquez Iglesias e sumouse con entusiasmo ao plan apuntado por iste póndose a disposición da coleitividade.

O diputado galego e secretario do Consello de Galiza, siñor Alonso Ríos, fixo un caluroso eloxio das iniciativas eispostas pol-o siñor Vázquez Iglesias, que él compartía co meirande entusiasmo. Tamén puxo de bulto o papel que lle corresponde desempeñar a Galiza emigrada na formación da cultura arxentina, e na colaboración espritoal i-económica entre a nosa Terra e os países de América.

O siñor Xoan Fernández, presidente da Comisión de Financiación do Campo, eispuxo con detalles a tarefa cumplida deica chegar a situación desafogada na que hoxe se atopa o Centro Lucense.

No medio dos aplausos dos concurrentes empezou a falar o siñor Castelao. Eisaltou a nosa Terra, loubou a tarefa do Centro Lucense, puntualizou o grande, o trascendente cometido da coleitividade galega do Plata, parte esencial de Galiza; e dixo que íl, xa que ía a representar, por vontade eispresa das xentes do interior e pol-a confianza que nil depositaban os emigrados, a vontade real de Galiza no Goberno que preside o siñor Xiral, quería deixar constanza de que ía a defender un programa que se resumía en dúas verbas: **República e Galiza.** 'Unha República que non dea satisfaición as arelas autonómicas de Galiza, non satisfai os nosos desexos. Unha Galiza avencellada a formas políticas anacrónicas, alleas a auténtica democracia republicana, non é a nosa Galiza". A concurrencia, en pé, no medio de aclamacións i-aplausos eispresou a sua confianza i-a sua fé ao grande persoeiro da Patria Galega.

Coa execución do himno galego, escoitado de pé, e coreado, como se fixera ao comenzo da festa, despideuse a Castelao, seguindo no Campo deica noite unha moi animada foliada familiar.

Debe deixarse nota de que estiveron representados o Consello de Galiza, a Cámara de Comerciantes Republicanos Españoles, o Centro Gallego de Buenos Aires i-o de Avellaneda, os catro centros provinciaes, a Irmandade Galega e moitas asociacións locaes da provincia de Lugo.

# O BARCO "GALICIA"

## Non-os Deixemos Engaiolar

**Ahí ven: ¡Qué nome tan bonito lle foron a poñer! Nin que o buscaran adrede. E o cebo para turrar por nos, para facernos caer na rateira. Un barco guerreiro que se chamou "Libertad" cando servía para defender unha causa xusta, e que se lle nomea "Galicia" cando sirve a un ditador: ¡Qué ofensa, qué insulto para o doce nome de nosa Terra!**

**Procúrase eisplotar o noso patriotismo i-halagar a nosa vanidade: hay que atarnos dalgún xeito ao carro do trunfador; cumpre facer ver que os galegos non refugamos a quen matou a nosos irmáns, i-a nosos pais, i-a nosas nais. Que nós esquecemos as mágoas e batemos palmas en loubanza i-en agasallo dos asesiños, dos perxuros, dos cínicos. Compre atraguernos co melindro doce da lembranza garimosa e inesquecibel da Terra meiga. Por eso ven o barco "Galicia". E non fallará quen diga, moi inocente: "I-é un agasallo a nosa Terra. Non ha de ser tan mal nacido o fillo que non esquece a sua nai e lle adica un recordo..." Tamén recordan a súas nais os que as procuran para mercadexar coa súa honra.**

**Que o nome sagrado da Patria non sirva de velo infamante para os nosos mortos, nin de cebo para prostituir as almas.**

**IRMANS GALEGOS: Non hai que deixarse engaiolar, non hai que comer o melindro que está podre.**

# Unha Visita ao Fogar Galego

Invitados pol-a comisión direitiva desta benéfica institución, o Consello de Galiza e a Xunta da Irmandade Galega de Bós Aires, o domingo 14 de abril, realizaron unha visita á quinta que en Domselaar ten a dita entidade para albergue dos ancianos desvalidos galegos.

Un grupo de irmáns xuntouse en Constitución pol-a mañán cedo, a fin de aproveitar un día fermoso de sol en pleno campo. Alí estaban Castelao, Alonso Ríos, Villaverde, Abraira, Maza, Avelino Díaz, Fernández Prol, Lastra, Gómez, López (fillo), D. Francisco Blanco e Miguel Salgués, estos dous derradeiros, en representación do Fogar.

En Xerli, o doutor Rey Baltar uneuse aos eiscursionistas, e ás dez chegou a caravana ao seu destiño, onde xa se atopaba esperando o Sr. Portela.

Gratamente impresionados quedaron os visitantes ao contemplar o extenso campo e as edificacións que nél se erguen. A espléndida casa, de tipo colonial, onde se aloxan os vellos; a casa dos cuidadores, a dos hóspedes, o gran galpón, os amplios galiñeiros, a usina para dar luz eléctrica e auga corrente, con un tanque-pileta de 17.000 litros de cabida..., todo foi minuciosamente eisaminado e loubado.

Para a maor parte deles, que soio de nome coñecía a filantrópica obra foi un verdadeiro asombro o que lles causou a vista de todo aquelo, cheo de eucaliptus e piños que traguían lembranzas da nosa amada terra. Os dez e oito vellos — mulleres e homes — que a vida guindou no arró, agora atópanse con quentura de fogar e soñan quizáis con que camiñan pol-as nativas arboredas y escoitan os xemidos da gaita que se perdeu na lexanía. E algún alalá lles sube aos beizos como unha oración cantada ao ceo.

A carón do meiodía sirveuse un apetitoso xantar, no que o elemento principal foi un asado, feito por un dos propios asilados. E xa de sobremesa, a rogos da xentil filla do Sr. Salgués, o inxenio inimitabel de Castelao mantivo suspensa á concurrencia contando anécdotas da súa vida de rapaz por estas terras.

A caída da tarde, despóis dunha boa panzada de sol pol-os arrededores da quinta, tomouse o tren de regreso á capital, contentos de haber coñecido a obra máis altruista da nosa coleitividade.

Ademáis das personas citadas nun principio, tamén concurriron o Dr. Antonio Baltar e unha comisión da sociedade "Fillos de Redondela", integrada pol-o presidente, o segredario e varios membros

# MANIFESTO DO PRESIDENTE DO CONSELLO DE MINISTROS DA REPUBLICA ESPAÑOLA CON MOTIVO DO 14 DE ABRIL

ESPAÑOLES:

En esta fecha gloriosa del 14 de abril, el Gobierno de la República quiere dirigirse a todos vosotros, pero con especial solicitud a los que dentro de las fronteras de nuestra España sufrís la opresión de la dictadura franquista.

Cumplen hoy quince años que, en medio de la alegría general, por voluntad unánime del pueblo, fué proclamada la República. Sin una gota de sangre, sin la hipoteca de un compromiso internacional, el nuevo régimen triunfó de la monarquía, hundida en tal descrédito que nadie dió un solo grito para defenderla.

Magnánima, la República tendió la mano a sus antiguos adversarios; no quiso ser un régimen de partido, sino un régimen nacional. Quiso establecer la libertad política y la democracia social, abriendo ancho cauce a las ansias populares, resolviendo los problemas que la monarquía hizo crónicos y la dictadura agudizó: el militarismo, el clericalismo, el latifundio, el centralismo asimilista. Pero confió en el honor de unos militares que le juraron lealtad, en el buen sentido de unas clases conservadoras a quienes garantía, sin otra norma que una justa tributación, el disfrute de sus bienes, y en el celo de una iglesia que, separada del Estado, recobraba la evangélica libertad.

Pero mientras la República, confiada, llena de ilusiones, trabajaba en estructurar, sin ahogos ni violencias, una nueva España en la cual todos sus ciudadanos y todos sus pueblos vivieran, dentro de un régimen de libertad y de mutuo respeto, en el más equitativo bienestar posible; aquellos que no osaron oponerse a su proclamación se confabularon para destruirla con Mussolini y con Hitler. Quería imponer, con la ayuda de armas extranjeras, el triunfo de sus privilegios, y sometieron a España a los dictados del fascismo internacional. Traidores a la República, traidores a España, traidores a la libertad. Así se gestó el movimiento faccioso en 1934, estalló en 1936 y así triunfó, sembrada España de cadáveres y de ruinas, en 1939. El prólogo había terminado: dentro de pocos meses la guerra mundial alumbraba sus siniestras llamas. Los que al soslayo de la No-Intervención creyeron esquivar la tormenta, estuvieron a riesgo de naufragar en ella, mientras oían las bravatas y percibían los manejos hostiles del dictador que sus enemigos entronizaron en España.

Españoles del Interior: Vosotros habéis sufrido, día por día, el implacable rencor y el sadismo de Franco y de su Falange; vuestros hermanos exilados, después de las cárceles de Petain y de la esclavitud rediviva de sus compañías de trabajo, conocieron las torturas de la Gestapo y la muerte lenta en los campos de Alemania. Para unos y otros la guerra continuó, para vosotros continúa todavía. Teníamos derecho a esperar que el triunfo aplastante de las Naciones Unidas llevaría aparejada la desaparición del régimen y del hombre que las armas del Eje impusieron a España.

Los acuerdos de San Francisco, de Potsdam y de Londres excluyen a Franco de toda participación en el concierto de las naciones. Aun aquellos asuntos que interesan directamente a España serán tratados en su ausencia, mientras él la gobierna. La repulsa es universal. No basta, sin embargo, reprobar el crimen: es preciso sancionarlo. Aun aquellos gobiernos que se sienten tibios frente a la República, desean la caída de Franco; pero que no se engañen, cualquier tercera solución es imposible. La monarquía, restablecida por un pronunciamiento o por la ingerencia extranjera, no será más que otra forma de dictadura, mantenida sólo por la fuerza; en las primeras elecciones libres, sería derrotada como lo fué en abril de 1931. Además, el falangista de antigua fecha, que pidió sentar plaza en el Ejército faccioso y lo felicitó por sus victorias; el que, imitando a Fernando VII, exhibe en el destierro el título de conde de Barcelona, y telegrafía su entusiasmo el día que Barcelona es ocupada por italianos y marroquíes, cómplice de Franco y de la sedición, es incapaz de devolver al pueblo español su dignidad y su libertad.

Españoles: el régimen de Franco vacila y se tambalea, desconsiderado en el exterior, desobedecido en el interior. Persistamos en nuestra actuación coordinada. Que se acentúe cuanto sea posible la resistencia interna, mientras el Gobierno desde fuera va estrechando el cerco, y la República triunfará. La República, que es libertad, contra tiranía; ley, contra arbitrariedad; justicia, contra venganza; democracia, contra gobierno irresponsable, y, por encima de todo, respeto a la vida, al trabajo y a la dignidad del hombre.

En la solemnidad de ese día, desde esta tierra hospitalaria de Francia, que vuelve a ser la patria de la libertad y de los derechos del hombre, donde tantos de los nuestros duermen para siempre, el Gobierno de la República envía su cordial saludo a todas las potencias que le han reconocido y a las que han roto o no establecieron relaciones diplomáticas con Franco, destacando con especial afecto al Gobierno y al pueblo de México. Del otro lado del Atlántico, en la Nueva España, segunda patria, los nuestros encontraron hogar y trabajo, y allí renació nuestra República con la plena libertad y soberanía. Para México nuestro cordial saludo se matiza de entrañable gratitud.

El Gobierno de la República rinde emocionado homenaje a todas las víctimas de Franco, a los que cayeron en la guerra y a aquellos en quienes se ha cebado la represión, recuerda adolorido a los millares de republicanos aherrojados en la cárcel por su lealtad política; comparte la zozobra de los centenares de miles acechados en sus propios hogares, por los seides del fascismo; felicita con orgullo a la Resistencia toda por su abnegación y por su heroismo.

ESPAÑOLES:

En esta fecha gloriosa del 14 de abril, el Gobierno de la República se dirige a todos vosotros —militares antifascistas, organizaciones obreras, autonomistas de Cataluña, de Euzkadi y de Galicia—, para deciros con jubilosa esperanza: Tened fe en la República. La libertad se acerca, salgamos a su encuentro y seamos dignos de ella.

¡VIVA LA REPUBLICA! ¡VIVA ESPAÑA! ¡VIVA LA LIBERTAD!

*JOSE GIRAL*

París, 14 de abril de 1946.

**Fábrica de Sobres**

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

**Pedro F. Darrigol**

M. DE OCA 202 - 3º F.
U. T. 23 - 9081

**Camisería de mesura fina**

PREZOS BÓS

**BRIGO**

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

# Morreu D. Anxel Osorio e Gallardo

O 19 de Maio pol-a mañán, ao leer os periódicos do día, sorpreunos a doorosa nova do falecimento do ilustre ex embaixador da República Hespañola.

Sabíamos que o Dr. Osorio e Gallardo facía tempo que non se atopaba ben de saúde, y él mesmo, no discurso que pronunciou no derradeiro xantar da Cámara de Comerciantes Republicanos Hespañoes, deixou entrever o seu triste desenlace.

O que non supoñíamos era que o seu estado fose en realidade tan grave como para esperar que axiña ía a producirse a crisis fatal.

Con fonda pena escribemos estas liñas en lembranza dun home bó, fervente republicano, anque éi se dicía "monárquico sin rei", e sobre todo, dun home tan amante da xustiza, que hastra algunhas veces parecía intransixente por ser demasiado xusto, si é que a xustiza adimite o máis e o menos.

D. Anxel, como familiarmente se lle chamaba era unha figura representativa da política hispana de comenzos do século.

Afiliado ao partido conservador, chegou dende concexal do Auntamento de Madrid até ministro dun goberno presidido por D. Antonio Maura, de quen era ardente partidario e adimirador.

Diputado por Caspe (Aragón), tivo lucida aituación no Parlamento, e nunca deixou de ser elexido representante da citada circunscripción en cantas eleicións a diputados a Cortes celebráronse n-éla.

Gobernador de Barcelona pouco antes dos sucesos da famosa semana tráxica, que ocasionaron o fusilamento de Ferrer e deron orixen ao movimento que divideu a Hespaña en dous bandos aos berros de "¡Maura, sí!" "¡Maura, no!", sigueu fidel ao seu xefe e foi un dos orgaizadores e o primeiro segredario das xuventudes mauristas, precursoras das de Xil Robles.

Non embargantes, cando Primo de Rivera dou o golpe de estado en combinación con Alfonso XIII, para implantar a dictadura e salvar así os chanchullos e as vergonzas de Marruecos, que ian a ser discutidos nas Cortes, Osorio e Gallardo, facendo honor ao seu sentimento de xustiza e ao seu sentimento liberal, que levaba ben enraízado no esprito, a pesares do seu eisterno conservadorismo, adicou todal-as enerxías da súa i-alma a combatir ao dictador, postura que lle acarrexou persecucións e cárcel, que soportou con enteira diñidade.

Esta aititude, valente e cidadana, convirteuno nun ídolo das esquerdas, que o buscaron para defensor de acusados en aitividades revolucionarias.

Y este é o caso paradóxico de D. Anxel. Un home que empeza a súa vida como representante da clás conservadora e reaicionaria de Hespaña e termiña sendo un ardente republicano, un roxo, que lle da leicións de esquerdismo a moitos que presumen de ideias avanzadas. Sigueu a traietoria contraria á maor parte das xentes, que comenzan sendo anarquistas e acaban de sacristáns.

E a este respeito, queremos facer resaltar eiquí que D. Anxel era un sinceiro católico, que consideraba, como por fortuna hai moitos, que nada ten que ver a política coa relixión; e si nos apuran un pouco, diremos que ten que ver máis a relixión coas esquerdas que coas direitas. Pois tanto Xesucristo, como os apóstolos e os primeiros cristiáns eran os verdadeiros representantes dos humildes, dos escravos, dos que hoxe chamaríamos proletarios.

Eminente xurisconsulto ocupou postos de gran siñificación e responsabilidade. Foi presidente da Academia de Xurisprudencia, do Ateneo de Madrid e decano do Colexio de Abogados da mesma cidade.



Cando se proclamou a República, Dr. Osorio e Gallardo púxose ao servicio déla, anque siguía dicíndose monárquico, e defendeu ao infortunado Companys, procesado pol-a revolta ocurrida durante o bienio negro.

Declarada a guerra civil, colocouse de inmediato ao lado do goberno lexítimo e desempeñou os cárregos de embaixador en París, Bruselas e, por último, en Bós Aires, onde permañeceu dendes que termiñou a desgraciada loita fratricida.

A maneira como D. Anxel se comportou no desterro soiamente eloxios meresce. Adicado por enteiro ao traballo, do que necesitaba para vivir, aillouse de intrigas e ambicións e conservou sempre unha liña de conducta intachabel, que pode e debe servir de exemplo aos homes que están chamados a funcións de goberno.

Sentimos de verdade que este home tan cordial, tan puro e tan loitador, ainda preto da súa partida definitiva, non poidera ver realizado o soño de todol-os amantes da xustiza, que é o restablecimento da República Hespañola, tan vilmente aseiñada e tan cobardemente descoñecida na hora presente.

O primeiro goberno que lle toque o impoñer a xustiza en Hespaña, debe lembrarse de que ten unha deuda sagrada con este gran patriota que acaba de desaparecer para sempre.

A NOSA TERRA, con profunda emoción e sinxeleza, asóciase ao door da familia e ao door de todol-os bós republicanos e homes de corazón.

# Anverso e Reverso da Illa de San Simón

Vos conocedes perfectamente a Illa de San Simón. Aquela maxestuosidade de paisaxe que embargou máis de unha vegada nosas i-almas a posta do sol, que se escondía nas costas das vilas de San Adrián de Cobres, de Moaña... máis alá de Cangas, lonxe, lonxe, ollando dende a praia de Cesantes.

¡Cántas vegadas nosoutros sentimos o anhelo de miral-a por dentro, cando cruzábamos a ría!: "Vexo Cangas, vexo Vigo, também vexo Redondela..." Pois ben, aquela illa paradisiaca, que logo foi — como vosoutros sabedes — un dos escenarios das máis refinadas crueldades cometidas pol-os axentes de ese inmundo enxendro da natureza que se chama Franco, pode moi ben compararse con un campo de concentración como o de Belson ou calqueira outro, nazi.

Eu soio quero irvos relatando o que vivín, porque teño leído, dende que cheguei, moito relacionado có que alá sucede que, é perciso confesal-o, non se axusta a realidade.

Fun un testigo presencial que levou parte. Sete anos e tres meses estiven preso e cinco paséinos náquela illa; quixera, pois, darvos a coñocer todo o que ainda permañece en segredo, e que eu puden recoller na miña memoria.

Vou a deixar de lado, oxe, o que sucedeu perante a guerra civil, porque podía ter unha remota disculpa ou explicación, pra eles: a de que viviáse unhos intres de anormalidade na adeministración debido ás atencións que ocasionaba o proseguir a loita; pero xa non podo calarme de expor, feitos, dos que me lembro despóis da guerra.

Sucedía esto alá pol-o ano de mil novecentos cuarenta. Habían chegado os vellos de outras prisións, porque xa a convertirían no que eles deran en chamarlle "Hospital Asilo Penitenciario"; entrábamos n'un día en que a lancha de Pintos, non chegaba a tempo có as lentexas pedidas a Vigo pra faguer o caldo, único alimento noso e dos "asilados"; o adeministrador e a superiora— Sor Pilar se chamaba— topábanse n'un apuro, cando acudiu á mente de algún d'eles unha solución: "ainda quedaban as mondas das patacas na cociña, que no día anterior se tiñan pelado"; i-en efecto, aquelas mondas, cheirando a podre, misturadas con terra foron servidas como manxar a os presos. A tarde rezouse o rosario, como de costume.

Así era como aqueles homes daban solución a un problema que se presentaba moitas veces, pol-a carencia de comestibles; así eran atendidos no "asilo" aqueles vellos de sesenta, setenta e astra noventa anos, como eu os vín — lémbrome de un que se chamaba Pascasio, era de perto a Vigo e tiña noventa e dous anos — pero... ainda teño moito por decir, meus queridos hirmáns.

Manuel Buxán Rivas.

# O Concurso Literario Anunciado Pol-a Federación de Sociedades Gallegas

Cando xa estaba rematándose de armar o anterior número de A NOSA TERRA, recibimos a nota coas bases do certame de literatura galega, a que publicamos sin o correspondente i-obligado comentario por falla de tempo e de espacio. Hoxe imos a encher ise baldeiro.

E decote máis agradábel poder gabar que verse na obriga de por reparos ou facer censuras. Por elo, escribimos a presente acotación con doble motivo de ledicia, xa que temos de loubare unha grande iniciativa, e porque ela é crara mostra de como a nosa coleitividade vai preocupándose seriamente dos intereses culturaes galegos, co que pon de bulto un patriotismo san e asisado.

Certamente, o concurso que orgaíza a Federación de Sociedades Gallegas, non é unha cousa calquerá. Ben mirado, é, en todal-as suas partes, espresión d-un fino senso da galeguidade, que apunta a mesma esencia da nosa cultura, a sua base fundamental: ao idioma. Máis non-o fai así coma así, de calquera xeito, ou por vellos canles. Non. A iniciativa que comentamos, tenciona empurrar o desenrolo idiomático, facéndolle amostrarse, na forma e no fondo, coma un istrumento de formación e d-espresión cultural posto ao día, capaz de recoller, na prosa e no verso, a poesía i-o pensamento oucidentaes d-istes intres, e de conquerir o mesmo plano d-aitualidade e de adianto no tocante a propia produción.

Novela, ensaio, teatro e tradución: Velahí os catro aspectos que abrangue o certame. Nos tres primeiros ten de amostrarse o idioma galego na sua función creadora de cultura; no derradeiro terá de compulsarse a sua capacidade receptiva: se n-él hai amplitude d-abondo, capacidade de medios eispresivos para recoller i-amostrar de xeito cumprido a aitualidade espritual: das ideias e das imaxes, que se manifesta nas composicións poéticas dos povos de vangarda.

A iniciativa é xurdiamente galeguista; diña de ser suscrita pol-a máis enxebre entidade galega. E, deixando de lado o éisito que poida acadar, ela quedará coma un moi diño precedente que, sen dúbida algunha, terá de repetirse e de ser fonte e vehículo eficaz da cultura galega.

Por todo elo vaian os nosos parabéns para a Federación, desexando que sea iste paso, dado tan en seguro, devanceiro d-unha longa carreira pol-a roita da galeguidade, na que todos teremos d-atoparnos.

## O CENTRO GALLEGO FAI UN HOMAXE AOS MARTIRES DE CARRAL

O día 27 de abril, no grande vestíbulo do Centro Gallego, foi descuberta pol-as autoridades d-ista entidade unha placa recordatoria do marteiro de Carral.

A importante entidade mutualista soubo, n-iste caso, recoller o sentimento de fondo patriotismo galego que alenta na masa dos seus asociados, e, fidel a él, deixou, no recordo adicado aos caídos en Carral, unha proba de cómo a colonia galega de Bós Aires rende gratitude e garda as sagras tradicións dos que fai cen anos nos asinalaron o camiño das reivindicacións nacionaes i-a fé nos principios que enformaron a persoalidade humán.

Cabe gabar as autoridades do Centro Gallego por iste homaxe que amostra que, elas comparten a honrosa preocupación dos outos intereses moraes da Nación Galega.

Certamente, os que desempeñan con celo e persoal desinterés as tarefas d-un cárrego que soio reporta sacrificios, agrandan os seus merecimentos cando, leal mente, procuran interpretaren os sentimentos dos seus representados, producindo aquiles feitos que as circunstancias fan casi obrigados. E iste é precisamente o caso que hoxe loubamos, e que esperamos ver convertido en iñorma de todal-as direitivas das asociacións galegas.

## PASTORELA

Meu corazón campesino
foise camiño do mar;
quería ser mariñeiro
e non sabía remar.

Canso de coller choridas
e de tecer madrigáls
na serra, o meu corazón
baixou cantando pr-o chán,
i-envexoso dos regatos
que ó mar bulindo se van
por vieiros d-ilusion
foise camiño do mar.

Pouco asisado pastor
cuidou poder alindar
as ilusios i-ós ancéios
na longa chaila do mar
deixando fuxil-as horas
n-un deleitoso vagar
i-ollando ledas gueivotas
en costante revoar.
Viñeron ventos aleives,
fero ergueuse o temporal,
bateron na miña dorna
as marolas i-ós orzáns.
Coas ilusiós afogadas
i-ós anceios a finar
meu corazón delorido
fuxiu da veira do mar.

Ferído i-amargurado
volveu ó vello fogar
que denantes, deleitoso,
lle dera soségo e paz.
O maino vento da serra
suas dores fixo sandar
i-o sol, en tépedos ráios
deulle leda caridá.

Reviviu meu corazón
e deuse a filosofar:
MELLOR SER AQUI PASTOR
QU-EN TERRA ALLEA
REINAR.

Bós Aires — Avelino Díaz

# Lembrando aos Mártires de Carral

## No Centro Asturiano

O día 26 de Abril derradeiro cumpriuse o pirmeiro centenario do heróico sacrificio dos mártires de Carral, que foron asesinados bárbaramente pol-a reacción hespañola, ó ser vencidos na loita empeñada pol-as libertades de Galicia contr-a tiranía de Narváez, persoeiro de Isabela segunda e das castas que, d-aquel-a como agora, tiranizaban ó povo da península.

Ese mismo día a coleitividade galega de Bós Aires, por medio das suas entidades máis representativas, rendeu fervoroso homaxe á lembranza dos hérois que cairon n-aquela data, n-un aito que se reaizou no salón do "Centro Asturiano" e que contou coa presencia de moita xente deseiosa de manifestar o seu afervoado sentimento patriótico i-ó amor a libertade, que é unha das máis relevantes facetas da nosa persoalidade racial.

No proscenio atopábanse, ademáis dos oradores, os representantes das entidades galegas orgaizadoras do aito e d-outras institucións que se adheriron, como tamén distintas persoalidades da coleitividade. O esceario estaba galanado coas bandeiras d-Arxentina, de Galicia e da República Española.

O aito deu comezo coas notas maxestosas do Hino Galego que a xente coreou i-escoitou de pé. Despóis deuse empezo ós descursos sendo o pirmeiro o do segredario da Federación de Sociedades Galegas, señor Antón Alonso, quén, despóis das verbas eixpricativas con respeito ó aito, historiou o feito que se conmemoraba con rexos conceutos i-acendidas parolas de condenación pra os persoeiros i-ó réximen que cometeron a fera matanza dos patriotas que foron asesinados en Carral no 1846. Un alongado aprauso foi trebutado ás verbas do señor Alonso.

Seguidamente falou o Dr. Gomersindo Sánchez Guisande que pronunciou un mañifico descurso ateigado de outo sentimento, no que fixo gala da súa grande pasión pol-a libertade facendo resaltar, con profundos conocementos da historia, o feito inesquecente i-a grroriosa — anque tráxica — loita dos revolucionarios galegos do 1846. Trazou o panorama político da Hespaña d-aqueles tempos i-as condicións en que se atopaba Galicia baixo ó réximen de tiranía e de vergonzosa diutadura que non era pra ser soportado pol-o noso povo, afeito á libertade, ós heróicos intentos i-as grandes loitas en defensa da súa dinidade e dos seus direitos. O doutor Sánchez Guisande, na sua peza oratoria, fixo resaltar as nosas carauterísticas raciales e puxo de manifesto a repulsa de todos os galegos pol-o crimen de que foron vítimas os hérois de Carral. O púbrico fixo ó disertante unha verdadeira ovación.

Logo, Fernando Iglesias (Tacholas) deu leitura ás adhesiós recibidas de entidades e persoalidades galegas de difrentes lugares do país e d-elas do extranxeiro que a concurrencia recibiu con alborozo.

Despóis, a eximia actriz Maruxa Boga, recitou dúas poesías patrióticas galegas que os asistentes ouviron con fonda emoción tendo, pr-a artista, unha cariñosa manifestación de aprauso.

Como remate do aito, o moi esperado descurso do ministro da República Española, don Alfonso R. Castelao, que foi unha vibrante arenga, unha cálida esposición histórica e doutrinaria en col do feito que se conmemoraba e das proieucióş que tivo no desenrolo do vivir galego ao traverso dos cen anos que pasaron sin minguar en nada as ansias do povo galego nin o seu deseo de libertade e de xusticia. Rendeu un afervoado trebuto á lembranza dos caídos no 1846, describiu a traieutoria do noso povo i-a fe que Galicia ten nos seus outos destinos e na continuidade da sua historia prena de xúrdios feitos e de grandes ansias.

Fixo referencia ós persoaxes civiles que, como Antolín Faraldo, tiveron relación coa xesta varil dos revolucionarios, puxo de manifesto as cercunstancias imperantes hoxe en Galicia e fixo un patriótico chamado a todos os galegos pra que, co nome santo de Galicia por bandeira, se xungan n-unha cruzada redentora que teña por única meta conquerir as libertades da nosa terra. Tivo acesas verbas de repudio pr-ás diutaduras e fixo resaltar a sua fe nos outos destinos da patria i-a esperanza de que axiña seia alumada pol-o sol eixprendoroso da libertade.

A emoción i-o patriotismo de Castelao falaron alí por todos os galegos. E todos os que ouvimos as verbas do noso líder, renovamos unha promesa.

O púbrico, de pe, saludou ó gran patriota con alongados aprausos.

Tamén se escoitou a execución de "Negra Sombra" i-"Alborada". Foi todo un verdadeiro aito de afirmación galega i-emocionada recordación dos hérois do ano 1846.



A Comisión orgaizadora do acto recordatorio dos Mártires de Carral



O público no intre de iniciarse o aito

## Centenario da Revolución Galega do Ano 1846

por A. ALONSO RIOS

A obrigada iñoranza da historia de Galiza pol-o silenciamento nos tratados de historia xeral de Hespaña de canto concerne a vida do noso povo, dos seus feitos culturaes tanto coma dos seus movimentos sociaes e políticos, e pol-a falla máis ausoluta do ensino da historia galega dende as nosas escolas primarias deica a Universidade i-os centros de estudos especiaes, é causa da xeral creenza de que o rexurdimento nacional galego, que hoxe se axita con forza intonteñíbel, é un feito novo e sin precedentes; chegando algúns a soster que il é unha creación artificiosa dos políticos galeguistas.

Escontra d-unha opinión, tan arredada da verdade histórica, fala con lumiosa craridade a revolución do ano 1846. E, máis que o feito ostensibel da Revolución, a sua xestación, a sua outa ispiración patriótica i-o seu programa de reivindicacións nacionaes galegas.

Cúmprese un século d-iste histórico acontecimento, que tivo inicio na cibdade de Lugo o día 2 de abril de 1846 e foi tráxicamente epilogado cos fusilamentos de Carral, consumados o día 26 do mesmo mes.

Compre distinguir n-iste episodio dous aspeutos desemellantes: o pronunciamento militar, animado por un xeneroso sentimento humán posto ao servicio de outos principios de libertade e de xustiza, ateigado de anceios populares e alleo a todo afán de predomiño de clase, condicións todas istas que o diñifican i-ennoblecen; e un movimento reivindicadoiro do povo galego encamiñado a recobrar a sua persoalidade política i-os seus direitos tradicionaes.

Baixo a primeira d-istas duas facelas poiderá considerarse a Revolución do 46 coma un mero eslabón d-isa cadea de revoltas militares tan frecoentes no século pasado; se ben é xusto facer no seu favor algunhas salvedades que a erguen por enriba da vulgar coartelada: a cobiza de poder e de mando, tan caraiterística d-istes movimentos, atópase reemplazada pol-o sinceiro afán de servir un programa de reivindicacións cibdadanas, en cuxo holocausto chégase deica o sagrefizo da propia vida sin claudicacións nin desfalecimentos. Tal é o exempro que brindan os mártires de Carral. Por elo Solís i-os seus compañeiros de infortunio téñense feito acreedores do respeto da posteridade.

Máis o valor fundamental d-iste feito histórico, non está no seu aspecto militar, nin siquera no seu senso liberal e xusticeiro: no seu idealismo xeral. Non; il radica no seu realismo, peculiar e privativo, cinguido a problemas latexantes do povo galego i-enraizados nas suas vellas tradicións. O alcance e siñificación d-aquil movimento non pode atoparse nos feitos de armas, nin na fillación d-istes, senón nos anceios reivindicadoiros de Galiza, que n-aquiles intres, coma en poucos, "logrou xuntar tantos elementos de forza, tanta razón, tanta xustiza para os seus actos e tan grande necesidade de dar satisfaición a xustas reparacións e lexítimos intereses".

Non se trata d-unha eisplosión illada, que poidera incubarse no coartel. Era o concretamento de anceios longamente sentidos e que tiñan antecedentes pertos e tan siñificativos coma ser a Asamblea celebrada na cibdade de Lugo o ano 1843, na que se chegou a plantexar o problema da independenza de Galiza. Por iso, o contido d-ista revolución ten de avalorarse tomando en conta o que ela ten de movimento nacional, e apreciando a efeitiva asistenza popular con que contou, así coma os actos das suas distintas xuntas de goberno, particularmente os da "Junta Suprema Provisional de Gobierno de Galicia", que funcionou en Compostela tendo por secretario a don Antolín Faraldo, encarnación fonda e vibrante do sentimento nacional galego.

"...El pueblo conquistará en esta revolución lo que le han arrebatado los cómicos de los pronunciamientos: PAN Y DERECHOS. Galicia arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en una verdadera colonia de la corte, va a levantarse de su humillación y abatimiento. Esta Junta, amiga sincera del país, se consagrará constantemente a engrandecer el antiguo reino de Galicia, dando provechosa dirección a los numerosos elementos que atesora en su seno, levantando los cimientos de un porvenir de gloria. Para conseguirlo se esforzará sin descanso en fomentar intereses materiales, crear costumbres públicas, abrir las fuentes naturales de su riqueza, la agricultura y el comercio, y poner en armonía con la época los hábitos y las ideas que dejó una sociedad decrépita fundada sobre la ignorancia. Despertando el poderoso sentimiento de provincialismo, y encaminando a un solo objeto todos los talentos y todos los esfuerzos, llegará a conquistar Galicia la influencia de que es merecedora, colocándose en el alto lugar a que está llamado el antiguo reino de los suevos. Que la espada de Galicia haga inclinar un sola vez la balanza en que se pesan los destinos de España".

O movimento militar do ano 46 interfireu o proceso político, económico e social que viñaso xestando no seo do povo galego, e arrastrauno no seu fracaso, retardando con elo a sua madurez e o seu trunfo.

Como se ve o movimento autonómico de Galiza ten un longo proceso, coma froito d-unha necesidade vidal que empurra por romper o encadeamento con que o centrismo uniformista sofoca o natural desenrolo da Nazón Galega.

# HOMENAXE A CASTELAO

Con motivo do seu nombramento de ministro no goberno republicano e da súa partida para Franza a ocupar o seu posto, o noso estimadísimo irmán acaba de ser ouxeto dunha cariñosa demostración, que alcanzou brilantez eistraordinaria pol-a calidade dos concurrentes e a sinxeleza do aito.

Consisteu nun "lunch" orgaizado pol-o Centro Ourensano, o Centro Pontevedrés e a Irmandade Galega, que se celebrou nos saións do Centro primeiramente citado, o día 11 de Maio.

Certamente que moitos houberan desexado para Castelao un gran banquete popular, onde poidera reciber a eispresión de simpatía de milleiros de concidadáns; pero a falla de tempo para realizalo en debida forma e, sobre todo, a negativa do interesado a unha cousa demasiado espeitacular, obligou á comisión orgaizadora, de acordo aos anceios do agasallado, de efectuar unha xuntanza íntima, sin etiquetas nin invitacións especiaes, algo que unira soiamente a corazóns galegos na común aspiración que nos xungue ao noso máiximo representante.

A tal efeito, contrariando a costume establecida nestos aitos, non se invitou a ninguén oficialmente, para que ninguén poidera darse por ofendido si é que non era invitado considerándose con direito a elo. A única eiscepción foi a dos membros do Consello de Galicia, señores Alonso Ríos y Elpidio Villaverde, que, como é natural, debían acompañar ao seu presidente.

A-eso das oito da noite, as dependencias do Centro Ourensano fervían de xente. Os homes máis representativos da nosa coleitividade atopábanse alí para rendirlle homaxe ao noso querido irmán. Moitas donas habían concorrido tamén para acompañar á dona do festexado, poñendo unha nota amabel no conxunto.

Poucos minutos pasaban das oito cando escomenzou a servirse o "lunch". Arredor de quiñentas persoas agolpábanse en torno da mesa tendida no salón principal. A impacencia notábase en todol-os asistentes, que desexaban escoitar as verbas do líder.

Por fin, o Sr. Enrique González abreu o aito, esplicando o seu siñificado e fixo a presentación do Dr. Rey Baltar, que era o encarregado de ofrecer a demostración.



**CASTELAO rodeado de unha parte do público que concurreu a agasallalo**

### DISCURSO DO Dr. REY BALTAR

O doutor Rey Baltar dou comenzo ao seu discurso eisaltando a figura de Castelao, a quen calificou do "meirande persoeiro de Galicia". Fixo logo unha breve síntesis da súa aituación política dendes que foi elexido diputado ás Cortes Constituintes da República pol-a provincia de Pontevedra, até á sua chegada a esta capital, despóis de haber loitado en Hespaña durante a guerra civil e de haber estado en Rusia, Norteamérica e Cuba, sirvindo sempre á República e a Galiza.

Destacou seguidamente o seu nombramento de ministro, que non se debeu a ningunha intriga, senon a imposición das forzas de resistencia do interior e ao apoio das sociedades galegas de América.

Espresou que non era para sentir satisfaición o estado do ambiente internacional; pero que había que ter fe, e Castelao tiña esa fe que se necesita para realizar grandes obras.

Mañifestou a continuación que para axudar a Castelao na inmensa tarefa que lle espera en Franza e corresponder, ao mesmo tempo, ao recoñecemento da persoalidade de Galiza por parte do goberno de Xiral, era mester que todol-os galegos, sin distincións de ideoloxías, se agrupasen arredor d-él, en quen se debería ver non o líder do galeguismo, senon o representante de todol-os galegos.

Dirixíndose despóis ao homenaxeado, díxolle que se non fora pol-a outa misión que levaba, os vellos emigrados da Arxentina, renegarían da causa que o obrigaba a deixarnos, pois os anos pasados antre nós habían creado uns vínculos tan fortes, que xa non se romperían endexamáis, e que, daquí en adiante, sentirían por él a mesma morriña que por Galiza.

Agregou que os milleiros de amigos que deixa na Arxentina, desinteresadamente o estiman e desinteresadamente desexan o seu trunfo, "que será o trunfo da República para Hespaña e o trunfo da autonomía para Galiza".

Con unha forte aperta a Castelao e outra á súa dona, no nome de todol-os amigos, terminóu o doutor Rey Baltar o seu patriótico e sentido discurso, que foi repetidamente aplaudido e unánimemente loubado.

### FALA D. MARIANO GOMEZ

A continuación o ex presidente do Tribunal Supremo da República, D. Mariano Gómez, que espontáneamente había concurrido pol-a simpatía que sinte por Castelao, pronunciou, como sempre un brilante discurso, cheo de emoción, destacando a persoalidade do presidente do Consello de Galiza, cuxa recta e limpa conducta era unha garantía para todos.

Fustigou a aititude de certos republicanos, que non saben ou non queren desprenderse de vellos resabios que impiden a unión sinxela dos amantes da República.

Censurou aos que tratan de poñer oustáculos ás autonomías, recoñecidas na Constitución do 31 e que, pol-o tanto, ninguén as debe combatir en boa lei.

Adicou un eloxio agarimoso á dona do homenaxeado, poñéndoa como exemplo das diñas compañeiras dos homes que teñen sobre sí a responsabilidade da súa aituación pública e finalizou facendo votos pol-o viaxe de entrambos e pol-o trunfo da República a fin de formar unha Hespaña grande, onde sen odios nin rencores, poidan convivir todol-os povos diferenciados que a integran.

Aplausos merecidos y entusiastas premiaron o discurso de D. Mariano Gómez.

### AGRADECE CASTELAO

O público, que estaba fervendo por escoitar a Castelao, rompeu nunha forte salva de aplausos non ben a súa esgrevia figura destacouse ao fronte.

Con voz de fonda emoción, escomenzou Castelao o seu mañífico discurso dicindo que si a súa marcha non estivera ainda un pouco lonxana, él non podería falar naquel intre, porque as bágoas correríanlle pol-as meixelas e os beizos non acertarían a pronunciar ningunha verba. ¡Tal era o sentimento que lle embargaba ao pensar en tantos amigos como aquí deixa!

Pol-o demáis, non acaba de darse conta de que é todo un Sr. Ministro, porque él ten a idea daqueles ministros rodeados de lacaios e cheos de carteiras, con automóviles á porta e todal-as sinecuras propias do cárrego. Non, él non é nin podería ser un ministro desa clás; él soio se considera un simple membro dun comité revolucionario, e, como tal está disposto a traballar con entusiasmo e incluso a arriscar a súa vida para conseguir a reconquista da República.

"Estou pronto — dixo — anque pareza unha cousa disparatada, a ir a Madrid nun avión, en compañía do goberno, a reclamar o poder que lexítimamente nos perteñece, como verdadeiros representantes do povo hespañol".

Engadeu que, por enriba de todo, loitaría pol-o restablecimento da República, sen reservas nin agachadas, non descoidando por elo os seus ideaes de toda á súa vida, porque él non concebía unha República sen autonomías, nin autonomías sen República.

Rogou que non-o esquenceramos e que lle prestáramos todo o apoio de que sexamos capaces para, desa maneira, poder él aituar con máis firmeza y eficacia, invocando o mandado de todol-os galegos, sen eiscepción algunha.

Mañifestou que habendo estudado a fondo os problemas básicos de Galiza considerábase con capacidade suficente para resolvelos. Por eso o cárrego de ministro do goberno republicano, que él non había buscado, non lle satisfacía por enteiro. O que él anceiaba vivamente, e declarábao con orgulo, era chegar a ser o Presidente de Galiza.

(Aquí a concurrencia, eleitrizada pol-as quentes verbas de Castelao tributoulle unha ovación tan entusiasta, que durante un gran rato non se oiron máis que aplausos e vítores ao futuro presidente).

Esplicou logo que si tanto desexaba ocupar ese outo posto, non era por pura satisfaición persoal ou vanidade pueril, senon para poder levar a cabo a trasformación que precisa a tón xa a miña empresa haberá sido realizada".

Termiñou agradecendo o homaxe que se lle tributaba e que aceptou, non por él, senon por Galiza, a quen él tiña a honra de representar, agregando que nunca esquencería os agasallos recibidos neste gran país e que o seu corazón íbase agora a repartir antre Galiza e a Arxentina.

Durante un longo espazo de tempo foi ruidosamente aplaudido e aclamado Castelao, o home que soupo chegar a i-alma das masas sen adulacións nin baixezas.

E así finou a memorabel festa que ficará con lembranza agarimosa no esprito de todol-os que asistiron a ela.

Nosa Terra, a fin de que logre alcanzar o rexurdimento que merece.

"Non me importa—afirmou— que ao termiñar o meu mandado, me tiren pedras, porque en-

## 1º DE MAIO

**A data tradicional das reivindicacións sociaes; a data da afirmación de vontade baril; a data consagrada a crear un orde de diñidade e de xustiza entre os homes e entre os povos, chega iste ano n-un intre ateigado de contradicións.**

**Hoxe hai dúbida en todos: dúbida nos gobernos e dúbida nos povos. Estamos, certamente, perto de grandes acontecimentos. Ninguén sabe o que quere: A voz das masas obreiras non foi, n-iste 1º de Maio, unha eispresión crara de anceios definidos, como en días devanceiros. Nin as verbas nin os feitos teñen un ourente que os guíe: todo é confuso, todo é contrasposto. Até a lingoaxe non se entende: estamos diante d-unha nova Babel.**

**Iste 1º de Maio foi un día gris, sin azos, sin fé.**

**O mundo está quedando as escuras: Morre a chama do ideal. Os homes estamos tracándonos en vermes: somos as larvas d-unha nova humanidade.**

**Por iso, os obreiros que desfían pol-a rua, non levan a ollada outa; máis ben ollan cara o chan i-empúrranse uns aos outros porque cada un d-iles ten un pequeniño choio que arranxare.**

**Iste é o 1º de Maio de 1946.**

## O 25 DE MAIO

N-iste mes celebra o povo arxentino a súa grande efemérides nacional, o seu xurdimento a vida política autonómica coa desiñación da primeira Xunta de Goberno.

Na casa, que hoxe é monumento nacional, o Cabildo aberto celebrado n-aquil chuvioso 25 de Maio do ano 1810, envolto en doble neboeiro; o do ambente io da dúbida diante d-un porvir cheo de riscos, fixou con aquil primeiro paso, nun acto de vontade, o camiño da independenza nacional.

A coleitividade galega, pol-as razóns múltiples de coincidencia sentimental e ideolóxica, de convivencia, de fraternal afecto, de encariñamento co país e de avencellamento familiar e social, que nos fan aos galegos agarimar, coma intimamente nosas, as fondas correntes moraes que informan de xeito fundamental e permañente a tradición e o ser da Nación Arxentina; a coleitividade galega, repetimos, hoxe, coma decote, vive a celebración d-ista data coa pureza de sentimentos e a grande emoción que fai espertar o amor a Terra onde un naceu.

# A Verba do Diputado Agrario Galego nas Cortes da República Hespañola Celebradas en México

Do diario de sesions, recibido con retraso, reproducimos o discurso do irmán Alonso Ríos, no que aparece ben as claras o senso cordial e-a amplitude de miras que preside o movimiento autonomista galego.

El señor PRESIDENTE: La Presidencia concede la palabra al señor Alonso Ríos, a pesar de que no pertenece a ninguno de los grupos de la Cámara.

El señor ALONSO RIOS: Señores Diputados, no era mi propósito intervenir en este debate. Ciertamente, la declaración ministerial me produjo un efecto tan grato, que yo pensé que en el orden político español entrábamos a hablar el lenguaje de la comprensión. ¡Tanto habíamos luchado para que los españoles pudiéramos entendernos! Tantas veces había escuchado yo, a lo largo de América, a aquellas personas que quieren bien a España y que desean la restauración de la Repúública, al acercarse a los españoles en momentos íntimos, decirnos, después de alguna conversación, como en secreto, como una cosa que se nos confía: ¿Cuándo terminarán por entenderse y unirse los republicanos españoles? Esto lo hemos escuchado en Montevideo de labios del señor Presidente de la República y del Intendente Municipal; lo hemos escuchado en Mendoza ;lo hemos escuchado en Chile. Cada vez que nos hemos encontrado con algún amante de España y de la República, siempre el final de la conversación por su parte era ése: ¿Cuándo terminarán los republicanos por unirse para bien de España y de la República? Me agradó tanto, como digo, la declaración ministerial y también la expresión del señor Presidente del Consejo de Ministros, que tanto se apartaba de la tónica declamatoria, que yo creí, y sigo creyendo todavía, que estábamos iniciando un nuevo período de la historia de España.

En realidad, el Gobierno que se ha formado va a caminar como un carro sobre dos ruedas: una rueda es el Ministerio de Defensa, como entidad que está encargada de la preparación de la resistencia en el interior y también de la preparación de los elementos necesarios para la reconquista; la otra rueda es el Ministerio de Estado, que, con habilidad, incansablemente, ha de multiplicarse para lograr aquellos concursos que son indispensables para reconquistar la República. Esas son las dos ruedas sobre las que va a caminar este carro republicano en el exilio. Nosotros queremos contribuir —¡cómo no vamos a querer contribuir!— a la reconquista de la Replúbli.a y de antemano hubimos de declarar que veníamos a dar nuestros votos a cualquier Gobierno que se formara, que representara la voluntad de los españoles para la reconquista de la República, sin que para ello precisáramos declaraciones de ningún género. En el acto conmemorativo del aniversario del plebiscito, celebrado en el Ateneo de Montevideo, yo declaré que aceptábamos cualquier Gobierno, sin ponerle ninguna clase de condiciones, que representara la unión de los republicanos y que mereciera crédito a las democracias y confianza al interior. Con este espíritu, señores Diputados, nosotros llegamos a esta reunión de las Cortes españolas en el exilio.

Desgraciadamente ya hemos reñido demasiado y es necesario poner a nuestras riñas punto final, porque en el exterior no hay más que una idea que debe guiarnos, que es la idea de la Patria, y un afán que debe movernos, que es la reconquista de la República. Se plantea, señor Presidente y señores Diputados, el problema del Estatuto de mi tierra y yo digo: no tiene importancia que se constituya la Comisión o que se apruebe el Es-

reconquistada la República, los ga-

tatuto; lo importante es la reconquista de la República, porque una vez llegos sabremos demostrar si somos capaces de conquistar, dentro de la República, nuestra autonomía. Tengo absoluta confianza en mi pueblo; no necesito que se me firme de antemano un compromiso de papel ojado. Tengo absoluta confianza en la voluntad política de mi pueblo, y sé que cuando, restaurada la República, funcionen de nuevo los sistemas autonómicos de Euzkadi y Cataluña, va a funrcionar también la autonomía gallega. Estoy absolutamente seguro.

Nosotros venimos aquí a pedir cordialidad, señores Diputados, porque en el interior de Galicia, compañeros socialistas, todos los partidos se entienden perfectamente y todos forman la Alianza Democrática, con exclusión de un solo partido. Ese partido entrará en la Alianza Democrática también, porque en Galicia existe perfecto acuerdo para luchar por la República y por nuestra autonomía. Por eso os pido, señores de la minoría socialista, que no creéis entre nosotros y vosotros un abismo que no existe en nuestra tierra.

Nosotros hemos sido colaboradores y amigos cordiales de los socialistas. Séame permitido decir que represento al partido más numeroso de Galicia: a los labradores. Soy el auténtico, el único diputado agrario por Galicia. Pues bien, nosotros pedimos a la minoría socialista que, en un acto de solidaridad con el pueblo gallego, nos acompañe en la constitución de la Comisión especial de Estatutos. Si, por casualidad, la suerte deparara que se encontraran los instrumentos necesarios para dictaminar, que dictamine; si no aparrecen, ya se sabe que no va a dictaminar. De modo que nada se pierde con constituir la Comisión.

Dicho esto, yo quiero salir al paso de algunas manifestaciones del señor Gomariz, que son principalmente las que me han obligado a tomar parte en este debate. Parece, señores Diputados, que nosotros somos los más peligrosos separatistas de España. Pues bueno es que se sepa en esta Cámara que los gallegos no hemos sido nunca separatistas; que nosotros no representamos un movimiento separatista; que nosotros no consentiremos que se nos separe de España. No seremos castellanizables, seremos siempre gallegos; pero jamás seremos separatistas. (El señor GORDON ORDAS: Yo, leonés y no gallego, afirmo que es cierto, porque conozco y amo a Galicia). Agradezeo mucho sus manifestaciones. Galicia no ha sido nunca separatista, y si nosotros, representantes de Galicia, hubiésemos propiciado un movimiento separatista, habríamos sido desleales a la representación que ostentamos, a los que nos dieron sus votos. De modo que quien vea en el deseo, en la aspiración de aprobar el Estatuto una tentativa de separar de España a Galicia... (El señor GOMARIZ: No he dicho eso; no he atribuído esas intenciones a SS. SS.) Su señoría arrancó aplausos con el tema del separatismo, y yo quiero que conste bien claramente que nosotros no somos separatistas (El seçor GOMARIZ: Así lo creo yo.). somos españoles; para ser españoles nos basta ser gallegos. Esta afirmación quería yo traer al debate.

Y ahora os ruego, amigos socialistas —permitidme que os llame así— que forméis con nosotros la Comisión y aumentéis con este acto la cordialidad que entre todos existe en Galicia. No os detengáis ante un precepto reglamentario por una minucia. Con esto solamente queremos reforzar la resistencia en el interior y aunar a nuestros partidos para que luchen por la reconquista de la República. Entendedlo así, porque noble y sinceramente os lo digo. (*Aplausos*).

# Recordando a Guernica



AS delegacións de GALEUZCA no homaxe a Guernica

Unha moi sinxela, e pol-o mesmo moi sentida ceremonia, levouse a cabo diante do carballo de Guernica que a coleitividade vasca plantou no Paseo L. Alem, moi perto da estatua de Garay.

O día 26 de Abril, representantes dos povos da Península, en particular vascos, galegos e catalàns, foron depositando no campo, arredor do Carballo, ramallos de frores en grande número, e, despóis, unha moitedume calada, en aititude de recollimento e de respeto, estivo un longo intre frente ao albre simbólico, fillo do que presenciou no mesmo día do ano 37 a destrución da cibdade histórica pol-a aviación franquista, da que o Carballo, símbolo das vellas libertades vascas, se salvou, ficando ergueito coma un motivo de fé i-un canto d-esperanza que pulara cara o porvenir.

N-un grupo, no que figuraban ao lado do Delegado do Goberno vasco, Dr. Aldasoro, os persoeiros de Galiza e Cataluña, chegou con grandes palmas a representación de Galeuzca de Bós Aires, orgaización triangular que encabeza, na América, o movimento reivindicador dos povos hispánicos i-é ardida defensora da estroitura plurinazonal do futuro Estado Hespañol.

Foi un acto de recordación, de irmandade e de fé. Mudos os labios, os curazóns rezaron a sua pregaria e fixeron a sua promesa diante do albre simbólico, que afunde as raíces no chan do pasado i-alonga as polas no aire, cara o mañán, en procura do alem.

## A Coleitividade Vasca Celebrou un Grande Festival

### A Beneficio dos Vascos Refuxiados en Francia

Grandeiros contornos adequireu o festival realizado no **Plaza Hotel** a beneficio dos vascos refuxiados na Franza. Os asistentes pasaron de seiscentos; estando presentes as representacións diplomáticas de todol-os países hispanoamericanos, de EE.UU., Inglaterra, Bélgica e Canadá.

O acto foi amenizado por artistas arxentinos, mexicanos e franceses, e todo íl se destacou coma un modelo de orgaización, de bon gusto e ton moi distinto.

A eficacia púxoa de bulto a recaudación líquida que sobrepasou de $ 11.000.

Xa se poden dar por satisfeitos os membros do Comité que levou a cabo unha tarefa tan rematadamente ben feita, aos que cabe felicitar con toda xustiza.

LEA E DIFUNDA
A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO GALEGO. QUE DEFENDE A AUTONOMIA DE GALIZA

NARCISO VIDAL (h)
AGENTE OFICIAL KODAK
• Películas Radiográficas
• Accesorios
• Rayos X
PASTEUR 768 Bs. AIRES
U. T. 47 - 4718

Casa OTERO
Placas Radiográficas
Artículos de Calidad ELIOT
Para Farmacias y Hospitales
Agujas y Jeringas Hipodérmicas
Catgut, Guantes, etc Perfumería
GENERAL URQUIZA 624
U. T. 45, Loria 8273

CASA DURAN
• SOMBREIROS
• CAMISAS
• BONETERIA
• PANTALOS
30 Gral. Bosch 30 U. T. 22 - 440[illegible]
AVELLANEDA (PIÑEIRO)

One-Eleven
★
EL GRAN CIGARRILLO AMERICANO
35 cts.

# El Bloqueo Comercial de Galicia

**POR CASTELAO**

Cuando Galicia era el fin de la tierra y su faro de Hércules alumbraba el mar tenebroso, "nunca de antes navegado", bien se comprende que las co umnas fenicias de Hércul͏s flanquearan la "puerta del mundo", porque en las aguas del Mediterráneo bullían todas las inquietudes humanas y aquél era el centro de la civilización; pero al ser navegado el Atlántico y haber surgido un mundo nuevo para toda la humanidad, ya no se explica que Galicia siga siendo el Finisterre de los antiguos, el **extremus plagae o extrema universi orbis**, como decía Idacio en el siglo V. Ga icia debía ser, por su situación geográfica, no sólo la puerta de España, sino la puerta de Europa. Y lo sería si estuviese dotada de comunicaciones adecuadas a este objeto. He aquí un tema que mucho preocupa a los gallegos y que yo desearía abordar con extensión; pero, a falta de espacio, me limitaré a descubrir cómo la po ítica centralista de España impidió que Galicia cumpliera su destino natural. Trataré, pues, de demostrar cómo el Estado español fue y sigue siendo separatista de Galicia.

Si hay augún pueblo en la Península que ame la vida de relación ese pueb o es Galicia, aunque al ver su aislamiento actual haya mucha gente que crea lo contrario. La culpa de que el "promontorio sacro" de los antiguos siga siendo el fin de la tierra, recae exclusivamente sobre la España centralista. Y vamos a ver si justifico esta acusación.

LOS CAMINOS ANTIGUOS

Si Roma logró atinizarnos —los gallegos somos celtas latinizados— fué porque, aparte de su cultura superior supo dotar a Galicia de grandes caminos y puentes, para fortalecer primeramente la unidad de los clanes celtas y someterlos después al genio político y administrativo de sus magistrados. Es verdad que por las vías romanas, que cruzaban nuestro suelo y que nos ligaban a las demás provincias del imperio, entró la cabalgata germana y más tarde la sarracena; pero sin aquellas vías de comunicación no hubieran llegado a Galicia los peregrinos europeos y con ellos el arte la sabiduría y el espíritu que originaron la "civilización occidental". Sólo por los caminos romanos fué posible que Ga icia se convirtiera en centro europeo de primer orden. Y así la universalidad de Galicia durante los siglos medievales, que tanto nos enorgullece, se la debemos a los caminos que Roma supo abrir para su provecho en las provincias sometidas a su soberanía.

Si quisiéramos formar el árbol genealógico de la primera y única unidad espiritual que gozó Europa, nos valdríamos de los caminos que de todas partes del mundo antiguo llegaban a Galicia. Esto lo sabe cualquiera que haya leído a Emile Male o a Kingsley Porter. El árbol simbólico comenzaría por un tronco hispánico, que arranca de Compostela y que se bifurca al llegar a Francia para multiplicarse en infinitas ramas que van a perderse en los confines helados de Europa. En el tronco de este árbol de caminos fué donde se conocieron y comprendieron los diversos pueblos de Europa y allí se formó una conciencia común, que dejó caer sus frutos sobre nuestra tierra y que sirvieron para evitar que España fuese un país africano. También el alma viajera de Europa recogió en Galicia los frutos de nuestro genio nacional. Y todo esto fué posible por la virtud de los caminos romanos.

Dice muy bien el sabio P. Fita: "Galicia fué madre fecunda de la cultura española en la alta Edad Media". Pero esa cultura no hubiese nacido y, por lo tanto, no se hubiera irradiado al resto de España si Roma no nos hubiera dotado de caminos y puentes.

He ahí por qué los gallegos somos unos celtas romanizados, aunque nuestras predisposiciones psicológicas no concuerden íntimamente con el genio latino. Y he ahí, asimismo, un ejemplo para los que pretenden asimilarnos **por decreto**, sin abrir caminos para llegar a nosotros y para que nosotros podamos llegar a el os.

LOS "CAMINOS REALES"

El imperio castellano-aragonés del **Tanto Monta**, que nos sometió a un estado de dependencia inolvidable e imperdonable, y su sucesión despótica, que en cuatro siglos de política absorbente no fué capaz de absorbernos, no so amente dejó de construir caminos nuevos en nuestro suelo, sino que cortó los caminos antiguos, por donde Europa había entrado en España.

Una Guía de caminos españoles, para ir desde Madrid "a todas las ciudades y villas más principales de España", publicada el año 1798, contiene el itinerario de Madrid a Santiago de Compostela con la siguiente advertencia: "Camino de rueda hasta Villafranca del Bierzo". Es decir, que entonces los caminos reales o carreteras se detenían en los límites de Galicia, dejándonos incomunicados con el Centro, siendo Santiago la única ciudad-capital que no iba a Madrid por "camino de rueda". Consta que en 1799 el ministro del rey, Conde de Guzmán, no pudo cruzar en coche las actuales provincias de Orense y Pontevdra. Hay más; Galicia tuvo necesidad de construir y pagar con su propio dinero el camino real que va desde La Coruña a Madrid, o sea la llamada "carretera del Guadarrama", y el ramal al Ferrol; de modo que una vía de interés genera', que en su mayor trayecto pasa por Castilla y es un servicio público, tuvo que pagarla íntegramente nuestro pueblo, si es que quiso comunicarse con la capital de España. En aquel entonces existía la Junta general del Reino de Galicia, con un resto de autonomía administrativa, y sirvió para consumar este exceso de generosidad.

La segunda carretera que se abrió hacia Madrid fué la de Vigo a Villacastín (Avila), y se hizo mediante un anticipo reintegrable de las provincias por donde pasaba. Zamora cobró sin dificultad, Orense tardó muchos años en recobrar lo que había prestado y Pontevedra, después de sostener un pleito con el Estado y contar con una sentencia favorable del Tribunal Supremo, cobró en 1935; gracias a una generosidad extraordinaria de la República. Es necesario añadir que la carretera de Vigo a Santiago la pagó el Arzobispo Malvar, que por casualidad era gallego. Podemos, pues, decir que España fué separatista de Galicia mucho antes de que existieran gallegos separatistas.

Por falta de comunicaciones terrestres perdió Galicia, en la hora inicial del comercio marítimo, la oportunidad de ser un muelle avanzado de Europa hacia América. Galicia siguió considerada como un Finisterre, como algo que no va aninguna parte. Es cierto que además cuenta con los mejores puertos naturales de España; pero es. que Galicia dista menos de América que ningún otro extremo de Europa y las excelencias otorgadas por la natura eza, de nada podían valer ante la falta de comunicaciones terrestres, ante la incapacidad del Estado español para comprender su propia conveniencia.

VIAS Y PUERTOS

Galicia debía ser atendida como base principal del comercio ultramarino; pero si antaño Castilla no se sirvió de los puertos gal egos para absorber las riquezas de su lejano imperio (el monopolio de esta función lo ejerció Sevilla y después Cádiz) no hay duda de que a partir de la emancipación de América y de la libertad de su comercio disminuyó la importancia de los puertos andaluces y surgió la de los gallegos. Cualquiera comprende que España estaba obligada a estimar la posición geográfica de nuestra tierra, como ruta natural y de privilegio para un nuevo afán de grandeza, y, sobre todo, para servir a una política de decoro y dignidad española. Y para que Galicia pudiera salvarse y salvar a España era preciso dotarla de excelentes obras portuarias con servicios de transportes modernos y comunicaciones, no solamente terrestre, sino también aéreas; pero, principalmente, necesitaba un camino férreo directo a la frontera de Francia, es decir, una nueva vía de europeización un nuevo "camino francés". Y recordamos que, por defender esta tesis frente a la opinión aislacionista de un Gobernador de Primo de Rivera, en el año 1924, fué encarcelado un periodista de Vigo.

Cuando Galicia era un nudo de universalidad, el Atlántico no conducía a ninguna parte. Ga icia era un Finisterre. Entonces el Mediterráneo era el mar de la civilización. Y cuando el Atlántico conducía al Nuevo Mundo, Galicia había ya perdido su destino como nación. La política de Castilla en América estaba determinada por una idea de explotación mal entendida, y sus puertos eran andaluces en vez de ser gallegos. Pero ahora, cuando América no se deja explotar ni siquiera moralmente, cuando es preciso poner algo más que el gesto heroico o la retórica consular, cuando se necesita mucho trabajo, mucha inteligencia, mucho amor, entonces surge Galicia, como vínculo obligado. Ya no es lícito pensar en el vellocino de oro y lo que se logre tendrá que ser por conveniencia mutua y por altos ideales de humanidad. Ahora la fuerte es América, la débil es España. En stas condiciones resulta necio hablar de hispanidad si no se cuenta con Galicia y con los gallegos.

Dice García Martí en su libro "Una punta de Europa": "Galicia puede salvarse y salvar a España sin esfuerzo, sin salir de su posición sentimental. Vuelta hacia el pasado, sintiendo a **saudade** de sus grandezas pretéritas, que miran hacia el mar Atlántico como una liberación; de espaldas al interior de España, como repulsa contra la esclavitud y la pérdida de la personalidad que el centralismo significa, Galicia puede redimirse y alcanzar la plenitud de la personalidad a que tiene derecho".

En fin; Galicia debe mirar a América para servir a la humanidad; pero es preciso que España mire al mundo que el a descubrió a través de Galicia. Nuestra tierra debe ser la puerta monumental de España; pero así como Europa abrió caminos para llegar a Compostela, así América debe abrir caminos en el mar y en el aire para entrar por Galicia en Europa, si es que el viejo continente aún tiene algo que ofrecer al nuevo. Pero la dignidad y decoro de España exigen que Galicia salga de su aislamiento forzoso. Es preciso que Galicia deje de ser un Finisterre.

UNA ANECDOTA

Hace poco tiempo que un personaje español, poco afecto a nuestra peculiar psicología, se encaró con un emigrado gallego que, a fuerza de trabajo y de natural inteligencia, se hizo rico sin dejar de ser modesto y generoso. El personaje español recriminó al emigrado gallego por el separatismo que de un tiempo a esta parte se viene observando en todo hijo de Galicia. El personaje quiso acoquinar desde su altura al sencillo y honesto emigrado gallego y he ahí lo que éste le respondió:

—Mire usted, señor. Cuando embarqué en Vigo para venir a Buenos Aires, el trasatlántico no podía atracar al muelle y fondeó a mucha distancia. Aquí, en Buenos Aires, sí, atracó a pesar de que este puerto es artificial y de muy costo o sostenimiento. Pues bien; al cabo de treinta años visité mi país natal, que nunca se aparta de mi pensamiento, y el trasatlántico en que fuí a lá atracó en todos los muelles de todos los puertos por donde pasamos menos en el de Vigo. Allí tuve que transbordarme a un bote, que me condujo a tierra, siendo aquel puerto natural y maravilloso capaz de transformarse en uno de los mejores del mundo con só o un pequeño sacrificio del Estado. Y viendo ésto, no sé cómo Galicia tiene tanta paciencia.

FERROCARRILES

Para saber de qué modo nos trató el Estado a este respecto, conviene reproducir unas palabras del ilustre pensador gallego don Eloy Luis André: "El sistema ferroviario español parece estar hecho para que Vigo y La Coruña se vean imposibilitados de expandise y arraigar económicamente dentro del sector peninsular que les corresponde como **hinterland**, con el avieso propósito de proteger a otros puertos colocados fuera de las corrientes del tráfic mundial y peor dotados para una adaptación natural de la economía española a la europea y a la hispano-americana". Y después de aguijonear a Galicia para que defienda con tesón sus derechos, dice más adelante: "Estoy seguro de que los que hoy tienen en sus manos el presente y el porvenir de España, han de indignarse con mezcla de sorpresa y asombro contra un pasado que postergó los sagrados intereses del pueblo gallego, convertido en burro de carga para llevar sobre su lomo el peso del presupuesto, con el cual engordaron otros pueblos peninsulares".

Eloy Luis André comparaba las distancias geográficas y por ferrocarril entre los diferentes puertos de la península y los de Ga icia respecto a Madrid, para patentizar, con la evidencia de los números, la preterición que sufren los puertos gallegos, especialmente el de Vigo, pues habiendo poca diferencia de distancias naturales, resulta extraordinaria la diferencia de d i s t a n c i a s por ferrocarril. Se ve a l a s c l a r a s el perseverante cuidado con que los gobiernos de Madrid mantuvieron el bloqueo comercial de Vigo y La Coruña como puertos de importancia y exportación. Si comparamos los distintos planes o proyectos ferroviarios que se trazaron en el papel para contentar y burlar las aspiraciones legítimas de Ga icia, se observa que fueron menguando. El plan antiguo de ferrocarriles para Galicia comprendía un total de 1.513 kilómetros; pero después fué rebajado a 977 por el Consejo Superior de Ferrocarriles. Más tarde el famoso Conde de Guadalhorce redujo la construcción de los caminos de hierro en Galicia a la línea de Zamora-Coruña, pasando por Orense y Santiago, es decir, a unos 500 kilómetros, que es, aproximadamente, la tercera parte de lo que Galicia tenía ya conseguido e incorporado a los viejos planes y proyectos. Todos saben que Galicia es la tierra española que tiene menos ferrocarriles. a pesar de su densidad de población, y que el plan de la dictadura primorriverista no cubría ni con mucho nuestras necesidades vitales. Pues bien; al advenir la República ya se encontraba bastante adelantada la construcción del llamado "ferrocarril gallego", de lo único que nos quedaba, y don Indalecio Prieto, a la sazón ministro de Obras Públicas, quiso paralizar esta obra reduciendo a cero todos los planes y proyectos concebidos.

Veamos cómo comenta este hecho don Manuel Portela Valladares: "Somos la región que por su extensión y población posee menos ferrocarriles de España y no hablemos de la escasez de trenes, de su marcha a doce kilómetros por hora, como el que nos comunica con Portugal. Y cuando por fin, al cabo de sesenta años de espera, comienzan las obras de Orense-Zamora, se nos dice, sin ánimo de mofa seguramente, que las vías férreas pasaron de moda y que Galicia, por su insignificancia económica, no puede sostener esta comunicación. Lo más grave es que, cuando, acudiendo a remediar esta terrible omisión del Estado, las iniciativas y el capital gallegos crean los transportes por carretera, se estima que hay que contenerlos y disminuirlos para salvar los ferrocarriles, unos farrocarriles que no tenemos. Y así se nos condena a quedarnos sin el antiguo y sin el moderno medio de locomoción, a parálisis absoluta. El problema de las comunicaciones de Galicia es diferente del problema del resto de España y sigue ignorándose por el Estado".

RESUMEN

Por fin se inauguró, con charangas y discursos, el insignificante trozo de vía férrea que une a Santiago con La Coruña. ¡No faltaba más que dejara de inaugurarse una obra que ya estaba casi terminada en julio de 1936! Después de todo, este ferrocarril no modifica en nada el bloqueo que sufren los puertos gallegos para favorecer a otros puertos españoles. Pero apostaríamos cualquier cosa a que Franco no inaugurará jamás el trozo Zamora-Orense ni el de Orense-Santiago, que acortan las distancias de nuestros puertos con Madrid y es el gran regalo que nos había hecho Guadalhorce a cambio de ancelar todas nuestras legítimas aspiraciones de relación con el centro de España y con Europa. Y pasa de veinte años que tales obras fueron comenzadas!

Nada sabemos del llamado ferrocarril de la costa —ya viejo y anticuado antes de terminarse—. No sabemos que la España de hoy, propulsora del hispanismo totalitario, restableciera el plan de caminos de hierro propiamente gallegos, tales como el de Marín a Ribadeo por Lugo, ni el de Vigo al Orense-Zamora por Arnoya, ni el de La Coruña a Corcubión, etc., etc. Creemos que estará prohibido hablar de la vía férrea de Vigo a Hendaya, no pasando por Madrid, porque semejante idea es antipatriótica y separatista... ¡Todo, absolutamente todo, debe pasar por Madrid!

En fin; la prueba de que Galicia sigue siendo un Finisterre, como en los tiempos en que el Atlántico no conducía a ninguna parte, está en que los barcos españoles pasan de largo por delante de los puertos gallegos para que siga comercialmente bloqueado nuestro país y burlada nuestra situación geográfica.

No se trata, no, de una desidia general del Estado español, que descuida sus intereses; trátase de una ofensiva contra los puertos gal egos, conscientemente ejercida, para favorecer a otros pueblos. Y así Galicia, que debía ser una de las puertas principales de Europa, por propio interés de España, es todavía un Finisterre.

(Da revista "Galeuzca")

## O Derradeiro Número Da Revista Galeuzca

Está xa en venda o número da revista "Galeuzca" correspondente ao mes de abril. N-il figuran traballos de positivo interés encol de problemas vivos que atañen aos distintos povos integrantes do movimento galeuzquiano. Contén editoriaes, colaboracións e información. Tres traballos fan referencia a Galiza, a saber: **El problema ferroviario en Galicia, Centenario de la Revolución Gall ga de 1846 e Un antecedente del federalismo en Galiza.**

Pode solicitarse a suscripción a Secretaría da Irmandade. Por $ 10.— m/n. adequírese direito aos 12 primeiros números, dos que xa van publicados nove.

Francisco Blanco
★
CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR
★
Av. SANTA FE 1100 U. T. 41, Plaza 0278

O seu TRAXE
O seu SOMBREIRO
A sua CAMISA
A sua ROUPA INTERIOP
MERQUEOS EN:
CELTA
FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA ENTEIRAMENTE GALEGA

Déspotas insensátos,
Forxá, forxáde grillos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Eses... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguunos!
Edoardo PONDAL

# A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO Central B | FRANQUEO PAGADO Concesión No. 2032 | TARIFA REDUCIDA Concesión No. 2727

Ano XXX ★ BÓS AIRES, ABRIL - MAIO 1946 ★ Redaición - Administración: Rúa BELGRANO 2186 ★ Núm. 447

# Estatuto de Galicia

## APROBADO POL-OS CONCELLOS EN COMPOSTELA

(CONCLUSION)

g) La adaptación y ejecución del régimen de aguas mineromedicinales, y su inspección.

h) Las obras públicas y concesiones de todas clase de interés regional; y la ejecución, previo convenio especial con el Estado, de las comprendidas en el párrafo 6º del artículo 15º de a Constitución que aquél no se reserve.

i) El régimen del transporte por carreteras, caminos vecinales y vías fluviales y la conducción de energía eléctrica, dentro de la Región.

j) La ejecución de los servicios de aviación civil y de radiodifusión, salvo el derecho del Estado a coordinar los medios de comunicación en todo el país e inspeccionar los que Galicia establezca.

k) El régimen de Cooperativas, Mutualidades, Sindicatos, Pósitos, Previsión social, Ahorro y Crédito, salvo lo dispuesto en el Art. 15º de la Constitución.

l) El derecho de expropiación y el de socialización de riquezas naturales y empresas económicas, con sujeción a los apartados 11 y 12 del art. 15º de la Constitución.

ll) El desarrollo de las bases mínimas de la legislación sanitaria de Estado.

m) El régimen de funciones y el de servicios de Asistencia social, en todas sus formas.

ñ) El régimen jurídico de la vivienda.

o) La ejecución de la legislación general sobre Prensa, Asociaciones, reuniones y espectáculos públicos.

p) El establecimiento y ordenación de los servicios de contratación de mercancías y similares, conforme a las normas generales del Código de Comercio.

Art. 15º Con arreglo a los artículos 48o., 49o. y 50o. de la Constitución, la Región podrá crear y regir establecimientos de enseñanza de todas clases y grados, cuyos certificados de estudios tendrán validez para obtener los títulos académicos y Enseñanza, especiales del Estado, mediante las pruebas finales y requisitos que el mismo establezca con carácter general.

Corresponde, asimismo, a la Región la adaptación, a las necesidades y conveniencias regionales, de la legislación general relativa a primera y segunda enseñanza y Escuelas normales. En las Escuelas primarias de la Región y en las del Estado, será obligatoria la enseñanza de las lenguas gallega y castellana, y en los Institutos y Escuelas Normales se crearán las asignaturas de Lengua, Literatura, Geografía, e Historia de Galicia.

En los Establecimientos del Estado y en la Universidad Compostelana, la Región podrá sostener o subvencionar cátedras e instituciones de cultura gallega.

Apropuesta de la Región, el Gobierno de la República podrá otorgar a la Universidad de Santiago un régimen de autonomía.

Corresponderán, además, a la Región los servicios de Archivos, Bibliotecas y Museos radicados en su territorio.

Art. 16º La Junta de Galicia y en su nombre uno de los miembros, representará al gobierno central para usar, preventiva y representativamente, de los Cuerpos de Policía y Seguridad del Estado, y corregir las deficiencias en los servicios que les encomiende. En casos graves y apremiantes de desórden público, la Junta de Galicia podrá suspender las garantías de los derechos individuales, sólo en el territorio y por el tiempo que se consideren precisos para establecer la normalidad, dando cuenta inmediata al Gobierno de la República.

La representación a que se refiere el párrafo anterior, cesará, temporalmente, bien a petición de la Junta o cuando el Gobierno de la República lo considere conveniente.

Corresponde, íntegramente, a la Región la coordinación y perfeccionamiento de los servicios de Policía urbana y rural.

Art. 17º Queda a cargo de la Región gallega la organización de todos los servicios que la legislación social del Estado haya establecido, o establezca, para ejecutar sus preceptos, sin perjuicio de la inspección del Gobierno. A tal fin, el Estado puede, además, designar en cualquier momento, los delegados que estime necesarios.

## ¡Viva Farruco Primeiro!

No Parlamento hespañol,
un parlamento "mucamo",
sin duda a causa do alcohol,
ou por adular ao amo,
berrou un gran lengüeteiro:
¡Viva Farruco Primeiro!

¡Cánto descendeu o trono
de Fernando e de Isabel!
Agora calquera mono
aspira a sentarse nél.
Así dixo o lengüeteiro:
¡Viva Farruco Primeiro!

¡Ou, manes do Campeador,
de Alba e do Gran Capitán!
¿Teríades por señor
a ese miserabel can?
¿Berraría un cabaleiro:
Viva Farruco Primeiro?

En cambio, a raza porcuna
foza e gruñe de contento,
pois non é pouca fortuna
o ter, en todo momento,
como rei a un compañeiro.
¡Viva Farruco Primeiro!

I en fraternal adhesión,
por colecta nacional,
regalarálle un bastón,
un bastón de mariscal,
que ostentará este letreiro:
¡Viva Farruco Primeiro!

Axiña o Pazo de Ourente,
cos seus novos cortesáns,
será decididamente
unha feira de marráns,
un monumental chiqueiro.
¡Viva Farruco Primeiro!

Os Madriles, desta sorte,
perderán seu rango vello.
Veremos a anterga Corte
convertida nun cortello.
¡Qué lle importa ao lengüeteiro!
¡Viva Farruco Primeiro!

Eu xa non sei si chorar
ou si fartarme de rir.
O mellor será esperar
que veña o que ten que vir.
Mentras, berre o lengüeteiro:
¡Viva Farruco Primeiro!

A ese rei de paco-tilla
xa lle chegará o seu fin.
Xa lle daremos morcilla
no tallo do matachín.
Berre, berre o lengüeteiro:
¡Viva Farruco Primeiro!

E cando brile ese día,
grorioso día da esquerda
pra coroalo, a porfía,
non andará a xente lerda,
con coroa de... ¡loureiro!
¡Viva Farruco Primeiro!

VERDUGUILLO.

## Irmandade Galega

BELGRANO 2186 U. T. 47 (Cuyo) 7064

### SOLICITUDE D'INGRESO

Buenos Aires, ............................ de 1945

O socio que subscribe, presenta ao Sr. ........................................

domiciliado na rua ........................ Nº ..................

de estado civil .................... de profesión ....................

de nazonalidade ................................ nado no pobo de ..........

..................................... concello ..............................

provincia .......................................... o día ...................

de ..................................... do ano ............, quen coñeza

os estatutos da Irmandade e desexa ser inscrito como socio.

.................................... ....................................

Firma do propoñente Firma do proposto

## GRANDES PROPORCIONS CONQUERIRA A CELEBRACION DO 10 ANIVERSARIO DO PLEBISCITO GALEGO

### FARASE ENTREGA DUNHA GRANDE BANDEIRA GALEGA, ARTISTICAMENTE BORDADA, AO PRESIDENTE DO CONSELLO DE GALIZA E MINISTRO DO GOBERNO REPUBLICANO, DR. CASTELAO

### CONCURRIRAN DELEGACIONS DE CHILE, URUGUAI, MENDOZA, ROSARIO, NECOCHEA, LA PLATA, CORDOBA, Etc., E FARANSE REPRESENTAR AS ORGANIZACIONS DO INTERIOR DE GALIZA, DE MEXICO, CUBA, O BRASIL, PUERTO RICO E VENEZUELA

### GRANDE ACTO DE AFIRMACION PATRIOTICA O DIA 28 DE XUNIO NO CENTRO ASTURIANO

### REUNION DA NOSA COLECTIVIDADE NO SALON "BABILONIA", O DOMINGO 30 DE XUNIO, NUNHA COMIDA GRANDEIRA, FRATERNAL E AUSPICOSA

Niste ano será celebrada de xeito eistraordinario a data do Plebiscito Galego. Cúmplense dez anos d-aquil feito grorioso que dou forma legal ao direito natural da Nación Galega. A nosa Terra ainda sigue asoballada, hoxe máis que nunca. Non embargantes, o noso povo non deixa esmorecer os seus patrióticos anceios, denantes, ao contrario, cada día que pasa é máis viva a sua fé e máis forte a sua vontade de soerguer a persoalidade nacional e conquerir a máis cumplida libertade da Terra.

No interior traballáse arreo sin reparar en perigos, enfrentando todal-as persecucións. As organizacións esparéxense por todol-os rincóns ao ancho e ao longo de toda a Terra, e van fora, por Europa e por América, buscando vencellos e axudas e artellándose no movimento xeral que procura o restablecimento da República.

Na emigración avívase a concencia da responsabilidade patriótica e os galegos, individoal e coleitivamente, móvense e producen actos cada día máis siñificativos e máis grandiosos, indicadores da sua vontade nacional e da sua potencia posta en marcha.

O ano derradeiro produxéronse os feitos, que alcanzaron proporcións de acontecimento, con que se celebrou o 9º aniversario do Plebiscito na cibdade de Montevideo. Despóis, pol-as Cortes republicanas celebradas en México e pol-o Goberno do siñor Xiral, foi cumplidamente reconecida a persoalidade de Galiza i-o seu direito autonómico. Hoxe é a colectividade galega de Bós Aires e Avellaneda, representada pol-a Federación de Sociedades Gallegas, o Centro Gallego de Avellaneda, os Centros Provinciales Orensano, Lucense, Pontevedrés e Coruñes, e a Irmandade Galega, a que vai a por de bulto, con feitos pleos de emoción, o sentir e as ansias que todol-os galegos acochamos no máis íntimo do noso ser; o sentir e as ansias que nos xuntan e nos moven para procurar a libertade da nosa Terra, o direito de Galiza a vivir a sua vida, de gobernarse a sí mesma e de desenrolar a sua propia cultura.

Bós Aires, vai sentir iste ano o latexar, forte, inconteñibel, dos corazóns galegos, que, ardidos de amor a Terra, pulan por crebar as cadeas que a coutan i-afogan.